

Estimados profesores e profesoras:

Informamos da celebración do “*Campionato Provincial Escolar de Lugo 2026*”, no marco do programa Xogade, Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar e coa organización do Clube Fluvial de Lugo e a Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Lugo.

LUGAR E DATA

Xoves, **26 de febreiro**, a partir das **09:30 h** da mañá, no Parque Rosalía de Castro (Lugo). A xornada rematará ás 14 h (hora aproximada). Recepción dos centros escolares no Palacio Municipal de Deportes de Lugo (Rúa Santiago).

TRANSPORTE

Os gastos e a organización do transporte dende os centros levarase a cabo dende a Delegación de Deportes de Lugo. Contactar coa coordinadora no **982294560** para cuestións relativas ao desprazamento.

INSCRICIÓN

Poderán participar alumnos e alumnas de categoría infantil (nacidos en 2012 e 2013) e cadete (2010 e 2011). Cada centro poderá inscribir en primeira instancia un **MÁXIMO** de catro equipos de cinco alumnos/as, un por categoría e sexo, e dicir: un equipo infantil masculino, un equipo infantil feminino, un equipo cadete masculino e un equipo cadete feminino.

Se algún centro quere inscribir máis alumnado, pode facelo engadindo as letras B, C, ... a cada equipo en cada unha das categorías. Darase preferencia ó nº de centros escolares, de xeito que ó remate da inscrición, se non se acada o máximo previsto cos equipos A de cada centro, iremos engadindo participantes. **IMPORTANTE**, as prazas aseguradas son para equipos A, os equipos B, C,... serán confirmados por correo electrónico a cada centro despois da data límite de inscrición.

Establécese un límite de participación no evento en base o número de pinzas sportident de que dispoñemos para a cronometraxe, que será de **400** participantes.

Os centros serán dados de alta na proba por orde de comunicación de asistencia, a cal se realizará o antes posible ó mail fluviallugo.o@gmail.com. (Indicando en que categorías participarán). Posteriormente aportarán o listado de competidores.

Adxúntase o formulario de inscrición. Ademáis de cumprimentar e enviar este formulario a fluviallugo.o@gmail.com, é imprescindible mutualizar ó alumnado rexistrándose no programa Xogade a través do enlace:

<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

ATENCIÓN!!!

Como novidade, debes empregar o Evento creado para a proba, como vedes na seguinte imaxe:



☐	ENTIDADE	NOME	MODALIDADE	LUGAR	DATA ↓	DATA FIN DE INSCRIPCIÓN	PARTICIPANTES
☐	Servizo Provincial Lugo	CAMPIONATO PROVINCIAL DE ORIENTACIÓN ESCOLAR	Orientación	Parque Rosalía de Castro	26/02/2026	19/02/2026	0

 Participantes

Podedes consultar o procedemento na páxina de inicio da web de Xogade:

Eventos

Guía para a utilización do menú Eventos por parte das ADE e das entidades participantes.



[Guia_eventos_ADE.pdf](#)



[Guia_eventos_ENTIDADES.pdf](#)



Por cuestións relativas á organización (transporte, material, técnicos...) é moi importante que este proceso se leve a cabo con responsabilidade e non haxa un desfase entre o nº de inscritos e o de asistentes.

Pregamos que, na maior brevidade posible, nos fagades saber a vosa intención de participar.

A data tope para a formalización da inscrición é o 19 de febreiro de 2026, ás 20h.

PROGRAMA DO DIA 26 DE FEBREIRO

Xoves, 26 de febreiro (PALACIO MUNICIPAL DOS DEPORTES, RÚA SANTIAGO)

09:15h a 10:00h - Recepción e control de participantes.
10:15h - Saída dos primeiros corredores e corredoras.
13:15h - 13:45h - Entrega de medallas e clausura.

Os alumnos e alumnas deben acudir cunhas nocións básicas sobre este deporte. Animávosvos a realizar algunha actividade previa nos centros: tedes suxerencias na web de Xogade.

Unidades didácticas



[Atletismo](#)



[Bádminton](#)



[Baile deportivo](#)



[Beisbol](#)



[Columbofilia](#)



[Deportes de agarre](#)



[Esgrima](#)



[Espeleoloxía](#)



[Judo](#)



[Loita Olímpica](#)



[Orientación](#)



[Orientación 2](#)



ESTARÁ PROHIBIDO O USO DA PISTA DEPORTIVA INTERIOR, POLO QUE Ó ALUMNADO SO TERÁ ACCESO ÁS GRADAS, ALEDAÑOS E VESTIARIOS.

Aconséllase que os e as participantes leven roupa e calzado de reposto, así como algo de comida (froita, bocadillos, auga...).

VIDEO EXPLICATIVO DE ORIENTACIÓN

<https://www.youtube.com/watch?v=HkeoWFjgIWg>

SISTEMA DE CONTROL DE CARREIRA

Imos empregar control electrónico de carreira on será necesario picar as balizas nos mapas). Empregarase os sistema **SPORTIDENT** para verificar que o corredor/a pasou pola baliza correspondente.

Dispoñemos de pinzas **Pcard** para facer a carreira, **lembrade que teñen un límite de 20 rexistros**. (Importante para saber a marxe de erro nas picadas).

Enlaces web para ver como funcionan:

https://www.youtube.com/watch?v=Ye_H_5vS7IE

RESULTADOS CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR

Recibirán medalla de recoñecemento os tres primeiros corredores/as clasificados en cada categoría

- Infantil masculina
- Infantil feminina
- Cadete masculina
- Cadete feminina
-

A posibilidade de facer clasificación e entregar premio por equipos aínda non está confirmada, daremos información sobre isto en próximas comunicacións.

INFORMACIÓN DA PROBA

A información da proba publicárase na web da FEGADO, no seguinte enlace:

[CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR LUGO 2026 - FEGADO](#)

Quedamos á vosa disposición,

Patricia Regueiro Sousa, coordinadora do deporte escolar en Lugo, Deporte Escolar, Xunta de Galicia. 982 294 560 patricia.regueiro.sousa@xunta.gal ou deportes.lugo@xunta.gal

Luisa Felpeto González, integrante da sección de Orientación do Club Fluvial Lugo 659142547 fluviallugo.o@gmail.com

MAPA ANO 2017

